



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO
E-mail: correo@boimorto.dicoruna.es

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
Web: www.concellodeboimorto.es

MODIFICACIÓN REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DA MINIRESIDENCIA DO CONCELLO DE BOIMORTO.

Artigo 5.- Permiso de inicio da actividade.

A Miniresidencia conta co permiso de inicio de actividades concedido pola Xunta de Galicia con data **10/10/2011** e ten capacidade para 23 persoas maiores residentes considerando unha praza de enfermería.

O centro xerontolóxico está localizado na rúa Gándara do Concello de Boimorto.

O teléfono do centro é: 981516210

Artigo 6.- Datos identificativos.

Nome da entidade: **Residencia para persoas maiores de Boimorto**

Enderezo da entidade: Rúa da Gándara, 15817 Boimorto (A Coruña)

Nº de rexistro como entidade prestadora de servizos sociais: **E-0628**

Artigo 61.- Fianza e reserva da praza.

Neste caso, o centro poñerá a disposición do representante do residente ou dos seus herdeiros os obxectos persoais do falecido, tan pronto como sexan reclamados. O cobro por parte da Residencia dos gastos ocasionados e non pagados efectivamente polo óbito contemplarase na liquidación final xa que son de cargo e conta do residente.

Devolverase a fianza no caso de falecemento do residente previa compensación dos gastos realizados pola Miniresidencia.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente modificación do regulamento que contén 61 artigos e unha disposición derradeira foi aprobado polo Pleno do Concello de Boimorto en sesión de data 26/04/2012; entrará en vigor unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo ó que se refire o artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da Lei 7/85, reguladora de bases do réxime local, modificada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, e comezará a aplicarse a partir do día seguinte, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Contra esta modificación do regulamento poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia.

ANEXO III

PREZOS PÚBLICOS

Estancia :

Dependente Grado 3 Prezo Público 1.240€ exento de IVE.

Dependente Grado 2 Prezo Público 1.023€ exento de IVE.

Dependente Grado 1 Prezo Público 930 € exento de IVE.

Usuario en risco futuro de ser dependente 775€ exento de IVE.

De variar o nivel de dependencia do/as usuario/as durante a súa estancia na Miniresidencia farase efectivo o prezo pola situación nova unha vez recoñecida oficialmente.

Días soltos 24 horas Prezo Público 60€ exento de iva para todo tipo de usuario.

Festivos, Sábados ou Domingos 24 horas Prezo Público 75€ exento de iva para todo tipo de usuario.

De querer habitación individual e non dobre incrementárase mensualmente o prezo en 100€ (prorrateo para días soltos por 30 días) mais non serán incrementados os prezos se no momento de ingreso a Miniresidencia se conta con habitación individual, sen prexuízo de cambio a habitación dobre no mesmo momento en que exista unha cama.

Outros servizos complementarios:

Marcaxe roupa 100 € exento IVE.

Menús 4,50 € exento IVE.

Por acompañamento á visita médica con persoal do centro 10€ se hai uso de transporte municipal 20€.